



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2021

V. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2021

V.1. Grandes cifras

V.1.1. *Evolución do Sistema de Financiamento. Teito de gasto e Capacidade de gasto*

Como se ven indicando ao longo de toda a memoria, a elaboración dos presentes orzamentos está fondamente marcada pola crise socio-sanitaria e económica causada pola extensión da pandemia COVID-19.

Esta crise está a por a proba as finanzas e a capacidade de xestión de tódolos niveis de administración pública, en especial os autonómicos, que soportan a meirande parte do gasto es servicios públicos básicos e unha parte moi importante no vencellado ao fomento da actividade económica.

A conveniencia de elaborar e presentar un orzamento o máis axiña posible para reforzar a estabilidade e a certidume enfrontase ás urxencias e cambios diarios que fixeron que non se celebrara un Consello de Política Fiscal e Financeira ata o pasado día 5 de outubro, e que moitas das magnitudes alí acordadas estean sen concretar individualmente para cada comunidade autónoma, do mesmo xeito os fondos extraordinarios anunciados con acertada premura pola Comisión Europea, aínda non contan co debido desenvolvemento regulamentario que permita concretar a elexibilidade dos gasto e a formulación dos programas e plans que os haberán de mobilizar. Como resulta evidente dada a gravidade da situación, se presentan as contas para o vindeiro exercicio baseándose na información obrante en poder da comunidade autónoma a día de hoxe e en estimacións razoables dos datos non concretados.

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

Ingresos do sistema de financiamento autonómico:

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento (con carácter xeral supoñen en torno o 80% dos ingresos non financeiros totais, neste orzamento excepcional pola contía dos fondos extraordinarios que nel aparecen como fonte de financiamento supón o 67%).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento recóllese no proxecto de orzamentos en base ás contías recollidas no proxecto de Lei Xeral de Orzamentos do Estado, que coinciden cos comunicados de xeito provisional tralo CPFF e xa incorporados ao teito de gasto.

No ano 2021 o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico diminuírá nun -1,6% respecto aos importes consignados por estas partidas no Orzamento do ano anterior.

E preciso lembrar que para o orzamento do ano 2020, ante a falta de comunicación por parte do Ministerio de Hacienda das entregas a conta do dito ano e da liquidación provisional do ano 2018, os servizos da Consellería de Facenda tiveron que estimar os respectivos importes.

As entregas a conta definitivas do ano 2020 foron determinadas polo Ministerio de Hacienda en marzo de este ano, a través do Real Decreto Lei 7/2020, de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico da COVID-19, ascendendo o importe das entregas a conta de Galicia a 7.594,6 M€, un 0,8% menos que a cantidade prevista no Orzamento do ano 2020.

De modo que si se comparan as entregas a conta do ano 2020 definitivas coas comunicadas polo Ministerio de Hacienda para o vindeiro exercicio, en outubro de este ano, a caída é dun -0,5%, -37,2 M€ menos.

En canto á liquidación do ano 2019 a estimación provisional comunicada polo Ministerio é de 376,3 M€, un 6% menos que o importe consignado no orzamento de 2020, e un 7,6% menos que a liquidación definitiva do ano 2018 comunicada en xullo de este ano.

Non obstante, a liquidación anual do sistema de financiamento hai que axustala como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 M€ despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións). Por tanto o saldo total da liquidación de anos anteriores do sistema de financiamento ascenderá no exercicio orzamentario 2021 ata os 291,5 M€.

Por outra banda, o próximo exercicio as CCAA recibirán unha transferencia extraordinaria por parte do Estado por importe de 13.486 M€, tal e como anunciou o Consello de Ministros o día 6 de outubro de 2020 e como corrobora o Plan presupuestario de 2021 enviado a Bruxelas o pasado 15 de outubro. O obxectivo da dita transferencia é replicar o fondo extraordinario para gastos COVID-19 e compensar a baixada de recursos do sistema de financiamento, tendo en conta que polas súas competencias, as comunidades autónomas son as administracións públicas que financian o groso dos gastos extraordinarios dimanantes da pandemia.

Ante a falta de concreción por parte do Ministerio de Hacienda de como se van repartir ditos recursos entre as CCAA estímase que o dito importe ascenderá 685 M€, resultado de aplicar o 1,1% ao PIB estimado de Galicia para 2021.

As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, crecen de forma moi importante respecto ao exercicio anterior nun 35,8%.

Isto débese fundamentalmente a inclusión dentro dos fondos europeos do novo instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma, propostas na Iniciativa de Inversión en Resposta ao Corovirus (IIRC) e a Iniciativa de Inversión en Resposta ao Corovirus Plus (IIRC+).

O Reino de España conta cuns recursos que ascenden a 12.400 millóns de euros, dos que 10.000 millóns distribuiranse entre as CCAA a razón de 8.000 millóns no 2021 e 2.000 no 2022, segundo o acordado no consello de política fiscal e financeira. A previsión é que a Galicia lle correspondan entomo a 430 millóns desa cantidade.

No que atinxe ao resto dos fondos europeos estímase unha previsión moi similar á do presente exercicio, cun lixeiro decrecemento dun 7% ata acadar os 575 millóns de euros, con esta contía pechamos a orzamentación das contías programadas de fondos estruturais (FEDER e FSE) do marco 14-20.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado este mellora respecto ao previsto ata acadar os 553 millóns de euros, un 11% por enriba dos previstos o ano pasado, polo crecemento dos fondos de traballo e dependencia.

Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma nos que se inclúen os tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais o seu importe é o previsto no teito de gasto (reducírase nun -7,6% respecto aos importes previstos no Orzamento 2020), minorado en tres millóns de euros polo impacto dos beneficios fiscais.


A súa evolución depende en gran medida da evolución dos principais tributos cedidos: o Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPAXD), o Imposto sobre sucesións e doazóns e o Imposto sobre o Patrimonio, xa que estes 3 impostos representan máis da metade desta partida.

A caída desta masa financeira débese principalmente pola evolución prevista do ITPAXD, de forma que o vindeiro ano os dereitos que se esperan recoñecer por dito imposto redúcense nun -18,4% respecto ao Orzamento do ano en curso, pero hai que ter en conta que a previsión deste ano é que os dereitos recoñecidos soamente acaden o 70% da previsión inicial, como consecuencia da parálise que sufriu a economía durante gran parte deste ano (como xa se comentou no apartado anterior de escenario económico a previsión é que este ano o PIB de Galicia se reduza nun -9,7%) e a que este é un imposto moi vencellado ao ciclo económico.

Na gráfica seguinte recolleemos a evolución dos ingresos do SFA durante os anos de vixencia do actual sistema (dende 2009), unha serie longa de ingreso do sistema en termos de caixa, é dicir nas contías que foron ingreso orzamentario efectivo en cada exercicio, correspondentes á suma das entregas a conta do exercicio correspondente máis (ou menos se é negativa) a liquidación do exercicio n-2. (dende 2011 se está a deducir a liquidación negativa fraccionada dos exercicios 2008 e 2009). Para 2019 se engaden os 198 millóns de euros en concepto de compensación polos efectos contable de aplicación do SII e a merma na liquidación do IVE á que Galicia non renuncia, malia que non foron aínda pagados pola AXE.

Como pode verse o sistema non sempre evoluciona de xeito correlativo ao PIB, malia que a recadación tributaria garda unha importante correlación con este índice, a dinámica dos fondos de nivelación e as liquidacións que vencellan o peche do sistema ao exercicio n-2 distorsionan esta relación. No ano 2019 non se recibiu o tramo gris da barra do gráfico, correspondente á liquidación do IVE memrada en 198 millóns de euros pola implantación do SII.

Gráfico VII. Galicia. Ingresos do sistema de financiamento e PIB.




Outro dato relevante é que o descalabro do PIB no 2020 e o mantemento dos ingresos do sistema, anticipa unha forte liquidación negativa no 2022 se non se compensa como está a solicitar a comunidade autónoma de Galicia. Como pode ollarse os ingresos dimanantes do sistema para 2021, baixan lixeiramente fronte a os de 2020, sendo aínda así os máis altos de toda a serie.

Cadro XV. Pagos a conta e liquidacións do sistema de financiamento. Datos en millóns de euros.

	dato homoxeneizado con liquidacións a 10 años												
	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
INGRS SISTEMA FINANCIAMENTO	7.439	6.280	6.071	6.080	6.210	5.999	6.323	6.786	7.094	7.296	7.485	7.917	7.849
Var absoluta	104	-1.159	-209	9	130	-211	324	463	308	202	189	432	-68
% variación	1,4%	-15,6%	-3,3%	0,1%	2,1%	-3,4%	5,4%	7,3%	4,5%	2,9%	2,6%	5,8%	-0,9%


A evolución do sistema de financiamento arriba reflectida require unha dobre explicación, os ingresos son os efectivamente recibidos ata 2019, no presente exercicio esta recollida a contía pendente de compensación da liquidación do IVE por importe de 198 millóns de euros, que nos referimos nos parágrafos anteriores.

Gráfica VIII. Galicia. Evolución dos ingresos a conta e do pib nominal.



O cálculo das entregas a conta mostra un crecemento tendencial con certa relación co evolución da economía. Malia que no período observado houbo dous grandes axustes tributarios, un a alza no 2012 e outro á baixa no 2015, axustes que alteran esa correlación. Por outra banda como se ten indicado anteriormente, o desplome do PIB no presente exercicio anticipa unha forte liquidación negativa no 2022, se non se compensa esta.

Gráfica IX. Evolución das liquidacións do sistema de financiamento



No que atinxe ás liquidacións, estas mostran unha evolución discordante coa do PIB do exercicio corrente, que mellora cando a comparamos co PIB do exercicio n-2 ao que fan referencia, que é o que se recolle na gráfica.

O montante negativo de 2011 se corresponde co primeiro pago da liquidación negativa de 2008.

A forte baixa do exercicio 2019 mostra a sensible merma da liquidación de 2017, pola non compensación da implantación do SII no IVE xa indicada.

Aínda así, as disparidades que xorden entre a das liquidacións e o PIB do exercicio n-2 derivan do acerto na estimación dos ingresos a conta e do funcionamento dos fondos de nivelación e cooperación que operan cunha lóxica diferente á evolución do PIB. Agás, a anomalía de 2019, as restantes liquidacións so se separan da evolución do PIB n-2 pola entrada de novas comunidades nos fondos de cooperación, que agora renden menos ao se repartir entre máis beneficiarios,


O teito de gasto fixado, en aplicación da Lei 2/2011, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, foi autorizado polo Consello da Xunta o día 29 de outubro e estableceuse en 11.664 millóns de euros.

O importe de gasto non financeiro consignado nos orzamentos para 2021 é de 11.562,9 millóns de euros, montante que esgota o devandito teito, na medida en que é axustado polo impacto das medidas fiscais propostas na lei de orzamentos por importe de 3 millóns de euros e tamén debido ao importante incremento experimentado polo capítulo VIII de gasto como consecuencia do aumento previsto a concesión por parte do IGAPE de préstamos e avais ao sector empresarial.

De seguido pasamos a analizar as principais masas financeiras do orzamento consolidado e a súa comparación coas contas de 2019.

Como sempre, a efectos comparativos en series longas, recóllese o orzamento minorado en exercicios anteriores coa participación dos concellos nos tributos do estado e as primas da PAC do FEAGA.

Gráfico X. Evolución do gasto non financeiro consolidado do orzamento en millóns de euros.



O gasto non financeiro consolidado de 2021 supón unha suba do 14% en relación ao orzamento de 2020 , en termos absolutos 1.414 millóns de euros.

Os ingresos financeiros aumentan en máis de 900 millóns de euros.

Os ingresos totais nos Orzamentos Xerais para 2021 ascenden a 13.396,5 millóns de euros, dos que os ingresos non financeiros ascenden a 11.010,8 millóns de euros, e os ingresos financeiros a 2.385,6 millóns de euros, segundo o seguinte detalle por capítulos:

Cadro XVI. Cadro de ingresos do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica						
Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020		Valor Relativo	
			Importe	%	2020	2021
I Inpostos directos	2.616.465	2.747.988	131.523	5,0	22,1	20,5
II Inpostos indirectos	3.637.903	3.337.412	-300.491	-8,3	30,8	24,9
III Taxas, prezos e outros ingresos	187.488	171.582	-15.906	-8,5	1,6	1,3
IV Transferencias correntes	2.942.950	3.702.638	759.688	25,8	24,9	27,6
V Ingresos patrimoniais	7.586	6.996	-589	-7,8	0,1	0,1
OPERACIÓN CORRENTES	9.392.392	9.966.617	574.225	6,1	79,5	74,4
VI Alcanento de investimentos reais	6.755	4.961	-1.794	-26,6	0,1	0,0
VII Transferencias de capital	701.528	1.039.296	337.768	48,1	5,9	7,8
OPERACIÓN DE CAPITAL	708.283	1.044.257	335.974	47,4	6,0	7,8
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	10.100.675	11.010.874	910.199	9,0	85,4	82,2
VIII Activos financeiros	29.194	25.110	-4.084	-14,0	0,2	0,2
IX Pasivos financeiros	1.691.706	2.360.521	668.815	39,5	14,3	17,6
TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	1.720.900	2.385.632	664.731	38,6	14,6	17,8
Total	11.821.575	13.396.506	1.574.930	13,3	100,0	100,0

O total de ingresos non financeiros crece respecto ao ano anterior en 910,2 millóns de euros máis, un 9% máis, dito incremento débese por unha parte a un incremento dos ingresos correntes nun 6,1% e ao incremento do 47,4% que experimentan os ingresos de capital.

O incremento dos ingresos correntes débese fundamentalmente a transferencia extraordinaria do Estado que se vai recibir no ano 2021 xa que o seu importe ascende a 685 millóns de euros, o que permite compensar por unha parte a caída, nun 1,6%, dos recursos do sistema de financiamento e por outra parte financiar os maiores gastos correntes provocados pola COVID-19.

En canto aos ingresos de capital o incremento de 335,9 millóns de euros débese fundamentalmente a inclusión nas transferencias de capital doutro ingreso extraordinario, os Fondos ReACT-UE por importe de 430 millóns de euros.

En canto aos ingresos financeiros o seu incremento dun 38,6% débese, principalmente, ao aumento da necesidade de financiamento no exercicio 2021 respecto ao 2020, pasando dun 0,1% do PIB a un 1,1%.

Aumento do gasto non financeiro nun 14%

O gasto consolidado para 2021 acadará a suma de 13.396,5 millóns de euros, 11.562,9 non financeiro e 1.833,5 financeiro, detallándose a clasificación económica do mesmo na táboa seguinte:

Cadro XVII. Cadro de gasto do orzamento consolidado. miles de euros

Distribución económica						
Capítulos	2020	2021	Variación 2021/2020		Valor Relativo	
			Importe	%	2020	2021
I Gastos de persoal	4.030.697	4.305.902	275.205	6,8	34,1	32,1
II Gastos en bens correntes e servizos	1.839.634	2.012.895	173.261	9,4	15,6	15,0
III Gastos financeiros	143.379	99.905	-43.473	-30,3	1,2	0,7
IV Transferencias correntes	2.410.701	2.595.833	185.132	7,7	20,4	19,4
OPERACIÓNS CORRENTES	8.424.411	9.014.535	590.124	7,0	71,3	67,3
V Fondo de continxencia	33.317	45.417	12.100	36,3	0,3	0,3
VI Investimentos reais	928.867	1.534.666	605.799	65,2	7,9	11,5
VII Transferencias de capital	762.348	968.336	205.988	27,0	6,4	7,2
OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.691.215	2.503.002	811.787	48,0	14,3	18,7
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	10.148.944	11.562.954	1.414.011	13,9	85,9	86,3
VIII Activos financeiros	153.921	243.624	89.703	58,3	1,3	1,8
X Pasivos financeiros	1.518.711	1.589.928	71.216	4,7	12,8	11,9
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.672.632	1.833.551	160.920	9,6	14,1	13,7
Total	11.821.575	13.396.506	1.574.930	13,3	100,0	100,0

O gasto non financeiro aumenta en 1.414 millóns de euros, o que supón unha variación dun 13,9%, os cales se destinarán a atender as maiores necesidades derivadas da pandemia, principalmente en sanidade, educación e servizos sociais (o gasto corrente medra nun 7%) e tamén se destinarán a incrementar os investimentos produtivos para acelerar o cambio cara un novo modelo produtivo.

Mellora o aforro neto grazas á uns maiores ingresos correntes e aos aforros de custe financeiro

Nos orzamentos do ano 2021 mantense case o nivel de aforro bruto acadado no ano anterior, de forma que se segue situando nos niveis máis altos da última década. En concreto o aforro bruto redúcese lixeiramente, nun -1,7%, xa que a pesar do importante crecemento dos ingresos correntes, un 6,1% máis, os gastos correntes crecen nunha maior proporción, un 7% máis, principalmente para atender todos os gastos asociados á pandemia.

Non obstante, se temos en conta a caída tan importante que experimentan os gastos financeiros, en 43,3 millóns de euros, un 30,3% menos, o aforro neto do vindeiro ano aumenta un 3,3% máis, desde os 824,6 millóns de euros ata os 852,2 millóns.

Cadro XVIII. Aforro Bruto e primario por operacións correntes. Orzamento consolidado. Miles €

Conta Financeira				
Operacións Correntes	2020	2021	Var. 2021/2020	
			Importe	%
Ingresos	9.392.392	9.966.617	574.225	6,1
Impostos directos	2.616.465	2.747.988	131.523	5,0
Impostos indirectos	3.637.903	3.337.412	-300.491	-8,3
Taxas, prezos e outros ingresos	187.488	171.582	-15.906	-8,5
Transferencias correntes	2.942.950	3.702.638	759.688	25,8
Ingresos patrimoniais	7.586	6.996	-589	-7,8
Gastos	8.424.411	9.014.535	590.124	7,0
Gastos de persoal	4.030.697	4.305.902	275.205	6,8
Gastos en bens correntes e servizos	1.839.634	2.012.895	173.261	9,4
Gastos financeiros	143.379	99.905	-43.473	-30,3
Transferencias correntes	2.410.701	2.595.833	185.132	7,7
Aforro bruto	967.980	952.081	-15.899	-1,6
Gastos financeiros	143.379	99.905	-43.473	-30,3
Aforro neto	824.602	852.176	27.574	3,3

Aumenta a formación de capital: 2.500 millóns de euros de gastos de capital.

A formación de capital do próximo orzamento aumenta nun 48,4% ata case os 1.500 millóns de euros, un aumento de 475,8 millóns de euros.

Isto débese principalmente ao incremento que experimentan os gastos de capital, un 48% máis que en 2020, ata os 2.503 millóns de euros.

A maior parte de dos mesmos finánciase tanto cos ingresos de capital xa que ascenden ata os 1.044 millóns de euros, o que supón un incremento dun 47,4%, fundamentalmente pola inclusión dos Fondos ReACT-UE por importe de 430 millóns, como co aforro bruto por importe case de outros 1.000 millóns de euros. O resto, 506,6 millóns, finánciase a través da necesidade de financiamento.

Cadro XIX. Formación de capital

Operacións de Capital	2020	2021	Var. 2021/2020	
			Importe	%
Ingresos	708.283	1.044.257	335.974	47,4
Alleamento de investimentos reais	6.755	4.961	-1.794	-26,6
Transferencias de capital	701.528	1.039.296	337.768	48,1
Gastos	1.691.215	2.503.002	811.787	48,0
Investimentos reais	928.867	1.534.666	605.799	65,2
Transferencias de capital	762.348	968.336	205.988	27,0
Formación de Capital	982.932	1.458.744	475.813	48,4

O fondo de continxencia aumenta ata os 45,4 millóns de euros

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, estaba en niveis moi baixos dada a priorización asignativa que se deu a todo novo recurso nos últimos anos .

Dadas as importantes incertezas que enfronta o vindeiro exercicio se aumenta a dotación de este fondo para facer fronte a posibles necesidades non previstas, así o Fondo de continxencia incrementábase nun 36,3% ata os 45,4 millóns de euros, 12,1 millóns máis que en 2020.

Aumenta a Necesidade de Financiamento ata os 552 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2021 é de 552 millóns de euros, 503,8 millóns máis que en 2020. Tendo en conta os axustes de contabilidade nacional, a necesidade de financiamento aumenta ata 585 millóns de euros.

Os axustes de contabilidade nacional diminúen en 13 millóns de euros principalmente como consecuencia do aumento do axuste negativo da recadación incerta (diferencia existente entre a recadación líquida e os dereitos recoñecidos netos en cada exercicio) xa que como consecuencia da crise espérase que a dita diferenza aumente.

O saldo destes axustes xurde tamén polo axuste correspondente á devolución das liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009. Pola contra, outros gastos que non afectan aos orzamentos, modulan a través destes axustes o resultado orzamentario (como o resultado positivo das achegas a entes instrumentais da comunidade autónoma agás a achega á CRTVG considerada un gasto financeiro no orzamento e que se deduce como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional e a diferenza entre xuros devindicados e pagados).

Este aumento que experimenta a necesidade de financiamento débese principalmente a que en 2020 fixouse un obxectivo de estabilidade dun 0,1% e en 2021 vai ser dun 1,1%, o que supón uns 600 millóns de euros máis que no ano anterior.

Este incremento permite financiar, por unha parte, o aumento dos gastos de capital e, por outra parte, o aumento que experimenta o capítulo VIII de gastos en case 90 millóns de euros principalmente polo incremento dos préstamos e avais ás empresas que vai conceder o IGAPE.

Cadro XX Necesidade de financiamento orzamentaria en termos de CN

ORZAMENTO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL	2020	2021	Var. 2021/2020	
			Importe	%
Ingresos Correntes	9.392	9.967	574	6,1
Gastos Correntes	8.424	9.015	590	7,0
AFORRO BRUTO ORZAMENTARIO	968	952	-16	-1,7
Fondo de continxencia	33	45	12	36,3
Ingresos de Capital	708	1.044	336	47,4
Gastos de Capital	1.691	2.503	812	48,0
GASTOS DE OPERACIÓNS DE CAPITAL	-983	-1.459	-476	48,4
DÉFICIT ORZAMENTARIO NON FINANCIERO	-48	-552	-504	1043,8
Liquidacións negativas sistema	85	85	0	0,0
Outras unidades consideradas aapp	-86	-92	-6	7,0
Recadación incerta	-27	-34	-7	27,8
Intereses devindicados	1	1	0	0,0
Outros axustes	6	6	0	0,0
TOTAL AXUSTES CONTABILIDADE NACIONAL	-20	-33	-13	67,7
NECESIDADE DE FINANCIAMENTO	-68	-585	-517	759,8

V.1.2. Principais Políticas de Gasto Priorizadas no Orzamento 2021

Se ben, como se ten indicado o gasto non financeiro consolidado aumenta no 14%, o orzamento total crece o 13,3% por mor dun crecemento de menor intensidade das operacións financeiras.


Priorización do gasto

As políticas de gasto social polo xeral son o piar que garante seguridade sanitaria e a asistencia social fronte ao impacto da pandemia, por elo a Sanidade, a Educación e Política Social e o Emprego son as que máis recursos concentran como é lóxico, dado o alto custe dos servizos que prestan e a súa vocación universal. Por elo, nunha visión simplista da variación por funcións de gasto, dos 1.414 millóns de gasto non financeiro que aumenta o orzamento, 864 millóns, o 61% van dedicados a elas.

Así, o peso gañado na estrutura de gasto durante a crise, na que se blindaron estes servizos, agora mantense debido á mellora dos servizos prestados nestas áreas, así como a súa importancia para paliar os efectos da crise nas persoas, as familias e os traballadores, manténdose preto do 74% a suma do gasto en sanidade, educación, política social e emprego sobre o total non financeiro.

De seguido observamos a evolución das dotacións orzamentarias de cada unha destas políticas de gasto.

Gráfico XI. Variación gasto non financeiro principais políticas de gasto social por funcións orzamentarias



Dentro das funcións de política social. Non so atopamos as partidas da consellería co mesmo nome strictu sensu senón que tamén se contemplan outras desenvolvidas noutras seccións orzamentarias como emigración ou igualdade. Así, as políticas de igualdade medran un 7,7% . Do mesmo xeito, os servizos sociais relativos as migracións medran un 20,5% ata os 17,2 millóns de euros, seguindo a desenvolver o plan e as oficinas de retorno, así como o seu exitoso sistema de bolsas de excelencia á mocidade no exterior e reforzando as axudas a os galegos do exterior máis desfavorecidos que tamén sofren os efectos da pandemia.

Dada a diferente magnitude e singularidade das políticas de emprego, as reservamos para un punto específico. Estas acadan os 371,3 millóns de euros no presente orzamento, aumentando un 35,3% sobre o de 2020, case 97 millóns de euros.

V.1.3. Directrices de elaboración de orzamentos e asignación efectiva de recursos

O pasado 13 de outubro aprobouse a Orde de elaboración de orzamentos da comunidade autónoma para 2021, esta recolle nos seus artigos primeiro e segundo as directrices programáticas da elaboración de orzamentos. En particular se indica que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2021 orientaranse a desenvolver as liñas de actuación encamiñadas a impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, partindo da estratexia definida no Plan estratéxico de Galicia (PEG) e no Plan de reactivación e dinamización 2020/2021, baseados no crecemento sustentable e cohesionado social e territorialmente, impulsado na innovación e o coñecemento.

No que refire a os criterios xerais de orzamentación, a Orde sinala que os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021 priorizarán os seguintes criterios de asignación de recursos como base para a volta a unha senda de crecemento estable, sustentable e cohesionado social e territorialmente.

a) Garantir os medios e o persoal precisos no eido socio-sanitario para que Galicia sexa un territorio que manteña controlada a evolución da pandemia e os seus efectos. Garantir, así mesmo, o funcionamento duns servizos educativos seguros e de calidade.

b) Paliar os efectos da crise nos máis desfavorecidos

c) Dar continuidade ás políticas de dinamización económica. Concretamente, apoiar os sectores produtivos estratéxicos salientados no Plan de reactivación e dinamización 2020/2021 e no PEG, a través da modernización da estrutura económica de Galicia, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere máis empregos de máis calidade, aproveitando as necesarias reformas para impulsar as transicións verde e dixital. Especialmente, impulsar un Xacobeo 2021 que se desenvolva con éxito nas actuais condicións.

Se analizamos a adecuación asignativa dos orzamentos ao mandato anterior, analizando a distribución por funcións do orzamento consolidado podemos comprobar como os dous primeiros criterios concentran a maior parte do orzamento e crecen a un 12-13%, o que é normal xa que ao ser os máis importantes cuantitativamente, son os que condicionan o crecemento global das contas autonómicas.

Cadro XXI. Variación gasto total principais políticas de gasto por criterios priorización orde elaboración orzamentos

I. Socio-sanitario

Orzamento				
Programas	Descrición	2020	2021	2020/2021
312D - 312E	ATENCIÓN E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN	441.575.398,00	519.013.879,00	18%
411A - 412A - 412B - 413A	SAÚDE PÚBLICA, ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITALARIA	4.052.083.723,00	4.523.184.566,00	12%
Total xeral		4.493.659.121,00	5.042.198.445,00	12%

Cadro XXII. Variación gasto total principais políticas de gasto por criterios priorización orde elaboración orzamentos

II. Garantizar que los más débiles no se queden atrás

Orzamento				
Programas		2020	2021	2020/2021
312A - 312G , 313C	PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL, OUTROS SERVIZOS DE	112.560.264,00	118.355.180,00	5%
312C	ÁS MIGRACIÓNS	14.236.313,00	17.163.964,00	21%
313B - 313D	ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA	23.163.164,00	24.941.328,00	8%
322A - 322C - 323A - 324A	PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO, MELLORA DA	230.214.625,00	318.736.570,00	38%
421A - 422A - 422D - 422I - 422M - 423A - 423B - 422L	EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO, EDUCACIÓN ESPECIAL, ENSINANZA	1.997.678.580,00	2.177.941.937,00	9%
Total xeral		2.377.852.946,00	2.657.138.979,00	12%

Por outra banda, a asignación a políticas de fomento e dinamización dos sectores produtivos medra con forza como destino das principais liñas investidoras e financeiras dos orzamentos.

Cadro XXIII. Variación gasto total principais políticas de gasto por criterios priorización orde elaboración orzamentos

III. Dinamización económica

Orzamento				
Programas	Descrición	2020	2021	2020/2021
713B	ORDENACION DAS PRODUCTIONS FORESTAIS	76.355.504,00	84.817.628,00	11%
713C - 713E - 713F	SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES, REGULACIÓNS DAS PRODUCTIONS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	65.923.297,00	72.301.968,00	10%
721A - 722A - 723A - 723B - 723C	CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA, DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA E REGULACIÓN DAS PRODUCTIONS E DOS MESRCADOS DA PESCA	108.731.285,00	126.180.281,00	16%
731A - 732A - 733A	INDUSTRIA, EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	54.193.789,00	66.989.349,00	24%
741A	INTERNACIONALIZACION E MELLORA DA COMPETITVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	157.906.456,00	308.418.043,00	95%
761A	POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	73.835.909,00	112.476.981,00	52%
Total general		536.946.240,00	771.184.250,00	44%


Existen outros programas importantes non recollidos na listaxe anterior, como os vencellados á I+D+i, á innovación e á modernización. Que desenvolven liñas básicas de crecemento do PEG.

Cadro XXIV. Variación gasto total principais políticas de gasto

Programas	2020	2021	2020/2021
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN	123.369.976	154.517.627	25%
561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	63.908.501	67.888.787	6%
561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA	2.314.577	5.106.027	121%
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	98.678.543	155.121.968	57%
Total xeral	288.271.597	382.634.409	33%

Como pode apreciarse na gráfica seguinte o gasto en I+D de 2021 case duplica o orzamentado no primeiro ano do PEG, 2015, compre salientar ademais o importante crecemento en investigación sanitaria no presente orzamento, que crece un 121%.

Gráfica XXII Evolución do gasto en I+D 17-21




V.1.4. Gasto con perspectiva territorial

O orzamento 2021 conta tamén cunha perspectiva territorial, que refire a todas as partidas de gasto agás as financeiras.

Unha vez deducido o gasto financeiro, o correspondente aos servizos centrais, é dicir, aqueles gastos asociados aos servizos prestados desde as sedes administrativas da Xunta situadas no Concello de Santiago, e o gasto cun ámbito superior ao provincial, a distribución provincial do gasto explica o 86% do gasto non financeiro.

A distribución dese gasto per cápita por provincias é a seguinte: A Coruña 3.633 euros por habitante, Lugo 4.704 euros por habitante, Ourense 4.461 euros por habitante e Pontevedra 3.439 euros por habitante.

Gráfico XIII. Distribución territorial do gasto



Como pode apreciarse as políticas consolidadas de gasto, apostan pola cohesión territorial investindo en torno a 1.000 euros máis por habitante nas provincias menos poboadas.

